

PROTOCOLO VOLUNTARIOS DA FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

A **Fundación Refuxio de Animais** é unha organización de carácter concelleiro no que o seu principal obxectivo é acadar o benestar animal.

Abrimos cara ao público polo cal temos que dar unha imaxe de orde, hixiene e coordinación, é por isto que tódalas actividades e actuacións que se realicen no Centro tanto polo persoal contratado como polos voluntarios e colaboradores, teñen que telo moi en conta.

Para acadalo, debido ao inmenso traballo, pouco persoal contratado e moitas persoas no Refuxio, é necesario establecer unhas normas, baseadas na experiencia que os anos nos deron, para evitar erros e mellorar o funcionamento do Centro.

Calquera sinalamento que se comente farase para un mellor funcionamento do Centro e evitar erros que poden levar á lesión de persoas e animais, rachadura de material, perda de tempo... xamais para ofender a ninguén.

O Centro agradece a gran axuda que aportan os voluntarios e colaboradores, a súa tarefa é impagable mellorando a estancia e calidade de vida dos animais que residen no centro e colaborando na súa adopción, así como a aportación de ideas e suxestións.

MOITAS GRAZAS

REQUISITOS PARA SER VOLUNTARIO DA FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

Para ser voluntario é imprescindible:

- Encher a solicitude de voluntariado, no Centro ou na páxina web (voluntarios@refuxio.org) aportando unha foto de carné.
- Asistir á reunión de iniciación antes de comezar a propia actividade de voluntariado. As reunións faranse periodicamente ao longo do ano e as datas de convocatoria iranse publicando na páxina web na sección de VOLUNTARIADO; tamén nesta sección publicaranse as actividades realizadas ou proxectadas polo voluntariado e todo o que e/ou a Dirección estime que sexa de interés público ou que poda favorecer á Fundación .
- Ter ao día a vacinación contra o tétanos.
- Regularidade na asistencia, ao menos un día á semana. Se non se pode garantir unha periodicidade, hai outras formas de colaborar de xeito puntual: participacións actividades, casas de acollida, apadriñamentos... Sempre asumindo as indicacións da Fundación
- Todo voluntario terá un carné que levará posto nun sitio visible cando este no Centro de cara ao público. Dito carné cuñaráselle cada 3 meses.
- Cumprir todo o que diga o voluntario responsable, que é o encargado de organizar as actividades no seu quenda (en ocasións, a Dirección indicará algunha tarefa necesaria para o benestar animal o do Centro), así como as normas que existen no Centro.
- Vir ao Refuxio sempre cando este un voluntario responsable, non se virá sen quedar previamente cun voluntario responsable e sen que esté él, para isto confirmarse sempre a hora de chegada.
- Se non se pode vir, comunicarse ao voluntario responsable.
- Antes de marchar, na folla diario de voluntarios ten que apuntar o seu nome e apelidos, sinatura, hora chegada e saída.
- Deixar todo limpo e ordeado.
- A súa roupa e calzado ten que quedar limpo e ordeado no lugar indicado polo voluntario responsable. Hai que levar a lavar a roupa periodicamente e retirala á cesar no voluntariado.
- Comunicarse ao voluntario responsable calquera anomalía que atope: animais enfermos, feridos, pelexas, etc. Así como calquera suxestións.
- Si se deixa de ser voluntario comunicarse á voluntario responsable e a Dirección, pode ser mediante correo electrónico, entregando o carné.
- Faranse ao menos 3 reunións ao ano, co suficiente tempo de antelación e nun horario que poda asistir a maioría do voluntariado. Por correo electrónico enviarase o Acta cós puntos a tratar, os participantes cumprimentarán un listado cun o seu nome, DNI e sinatura. Votaranse os temas a tratar quedando aprobados por maioría simple e en un máximo de 2 semanas as conclusións da reunión, sendo firmado por todos os participantes
- O incumprimento reiterado das normas do Centro supón á perda do posto de voluntario.
- Se os voluntarios responsábeis aprecian algunha conduta inapropiada dalgún voluntario ten que comunicalo a Dirección.
- O Centro en derradeiro termo decidirá a continuación no cargo do voluntario.

ALGUNHAS ACTIVIDADES DO VOLUNTARIADO

- Paseo dos animais, seguindo normas para evitar accidentes.
- Cepillado e baño dos animais cando sexa necesario.
- Axuda ao veterinario en tratamentos, revisións...
- Propostas de proxectos con posible participación na planificación e desenvolvemento dos mesmos, sempre que sexan postos en coñecemento previamente da Dirección da Fundación e contar coa aprobación e supervisión desta, antes e durante a realización da actividade.
- Fase inicial de contacto cos posibles socios colaboradores, patrocinadores o doadores, para unha seguinte cita coa dirección na que pode asistir o voluntario.
- Preseguimento e seguimento de animais adoptados.
- Atención ao público cando sexa necesario, limitándose ás partes que non deban ser realizadas por persoal específico do centro e previa instrución por parte de persoal de Centro.
-

Se queres ser voluntario da Fundación debes estar decidido a dedicar tempo, esforzo e comprometerte dun xeito serio e responsable para axudar aos animais e ao centro sen prexudicar aos intereses deste que é o benestar animal, a concienciación cidadán e a educación para unha adopción responsable.

O centro ten unhas obrigas para có público que o visita e coas Entidades que aportan o seu traballo ou diñeiro para a súa xestión e mantemento. As obrigas que isto implican son manter en bo estado as instalacións, o máis limpas e ordenadas posibles sen desfacer ou aumentar o traballo do persoal traballador do centro.

Unha acción voluntaria debe garantir que se preste unha axuda que se precisa e non que dificulte ou prexudique as labores da Fundación.

É necesario ter gran sentido da responsabilidade e constancia na axuda prestada xa que non é unha acción para pasar o tempo nin para un tempo libre na vida (momentos en paro laboral, baixas laborais, necesidade de terapia, pasar o rato, etc)

Se eres profesional ou tes gran experiencia no desenvolvemento dunha actividade ou profesión (dereito, informática, albañilería, electricista, realización de eventos, etc) podes tamén axudar incluso sen acudir ao centro.

Se non podes acudir ao menos unha vez á semana, adquirese a categoría de colaborador.

INFRACCIÓNS DO VOLUNTARIADO

Aínda se confía, valora e agradece a colaboración do voluntariado, en base as experiencias vividas no Centro, para evitar problemas en detrimento da Fundación, animais e persoas que participan nas actividades que se realizan na Fundación Refuxio de Animais, estableceuse unha clasificación de infraccións do voluntariado do Centro:

Faltas leves:

- Deixar, de xeito reiterado, o material empregado sen recoller despois do seu uso.
- Non coidar o material do centro ou empregalo inapropiadamente.
- Non deixar limpas e ordenadas, de xeito reiterado, as zonas de uso público do centro unha vez a actividade.
- Fumar dentro do recinto do Centro.
- Entorpecer, de xeito reiterado, as actividades marcadas como prioritarias do centro.
- Entorpecer, de xeito reiterado, o traballo do persoal laboral do centro.
- Informar, de xeito reiterado, erroneamente das condicións para a adopción, o voluntariado e as actividades do centro sempre e cando sexa por descoñecemento e desinterese por parte do voluntario e non por unha mera cuestión de descoñecemento. Neste caso, o centro ten a obriga de poñer en coñecemento do voluntariado todas aquelas modificacións e novidades que precisen coñecer para desenvolver as actividades.

Faltas graves:

- Acumular dous ou máis faltas leves.
- Non cesar nunha acción cando así o solicite a Dirección do centro de forma xustificada.
- Realizar unha acción que poda supoñer un risco para os animais o persoal voluntario e laboral do centro así como para os visitantes deste.
- Consumir alcohol no recinto do Centro.
- Omisión na notificación dunha situación con respecto aos animais que poda provocar un dano grave para estes.
- Faltas de respecto, ataques directos á profesionalidade do persoal do centro ou dos voluntarios, difamación, ataques físicos, danos morais ao persoal o á voluntariado, acusacións infundadas e sen probas, cando estas situacións prodúzanse de forma illada.

Faltas moi graves:

- Acumular dous ou máis faltas graves.
- Non atender unha orden directa da Dirección en relación có funcionamento do centro e que poda supoñer un prexuízo grave ou moi grave ao centro.
- Non atender as instrucións veterinarias.
- Acceder a estancias non permitidas ao voluntariado e/ou utilizar material que non sexa para uso do voluntariado a menos que sexa baixo petición expresa da dirección; ou ben do persoal traballador do centro e por causas de forza maior.
- Realizar unha acción con resultado de morte dun animal por imprudencia ou desobediencia da normativa específica.
- Consumo de drogas dentro do recinto do Centro.
- Faltas de respecto, ataques directos á profesionalidade do persoal do centro ou dos voluntarios, difamación, ataques físicos, danos morais ao persoal ou ao voluntariado, acusacións infundadas e sen probas, cando estas situacións prodúzanse de forma repetida.
- Subtraer calquera tipo de material o diñeiro do Centro ou das persoas que acudan ao Centro: público, voluntarios, persoal laboral, etc.

Unha falta moi grave pode derivar nunha expulsión directa do voluntario infractor.